

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS. Lote 3 ( CEIP Mestre Ramiro Sabell). Expte. 1718/2022 ( retrotraer o procedemento e proposta de nova adxudicación)**

Na Casa do Concello, ás 14:10 horas do día 24 de abril de 2023, reúnen os membros compoñentes da Mesa de Contratación para a adxudicación do SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS. Lote 3 (CEIP Mestre Ramiro Sabell), integrada por:

Presidenta: Yolanda Carballido Martínez administrativo da unidade de Contratación.

Secretaria: Angelina Carrera Márquez, auxiliar administrativo de Secretaría.  
Vogais: Carlos López Quintáns, secretario municipal; Ana María Rial Acosta, interventora municipal e María Teresa Carrera Costal, auxiliar administrativo da Oficina Técnica municipal segundo o disposto na Resolución da Alcaldía nº 2022/2454 do 16 de decembro de 2022.

Infórmase que o pasado 20 de febreiro esta Mesa propuxo ao Órgano de Contratación a adxudicación do Lote 3, Limpeza do CEIP Mestre Ramiro Sabell, a favor da empresa CLN INCORPORA S.L, conforme a súa proposta.

Por outro lado, o 31 de marzo de 2023 LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIOS Y MANTENIMIENTO INTEGRAL SL con NIF B36835759 presentou ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia recurso especial contra adxudicación do contrato administrativo de servizos "LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP "MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA".

Acto que se recorre: Resolución de alcaldía Nº 2023- 0687 de data 23 de marzo de 2023 pola que se adxudica o contrato "LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP "MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA" a entidade CLN INCORPORA SL, por un importe de 53.524,02 euros (IVE excluído), 11.240,04euros de IVE o que fai un total de 64.464,06 euros, horas extraordinaria, sen custo para o Concello de limpeza para o desenvolvemento e atención de tarefas extraordinarias ou especiais de 100 horas, e prezo/hora para servizos extraordinarios de 0,01 euros.

O recurso solicita que sexa ditada resolución na que se resolva que a oferta presentada pola empresa adxudicataria do Lote 3 non se atopa debidamente xustificada, acordando retrotraer as actuacións e adxudicando o contrato ao licitador coa oferta máis vantaxosa.

Pola súa parte, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (TARCGAL) suspendeu a tramitación do procedemento de contratación dos servizos "LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP "MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA". Publicandose o anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 4 de abril de 2023 e ese mesmo día remitiuse o expediente de contratación ao TARCGAL.



O 19 de abril de 2023, dito Tribunal, notificou ao Concello a resolución do recurso especial en materia de contratación (Recurso nº 57/2023, Resolución nº72/2023) **e acorda desestimar** o recurso interposto por LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL SL contra a adxudicación do lote 3 da contratación dun servizo de limpeza de colexios do Concello de Pontareas, e levanta a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 da LCSP. De acordo co previsto no artigo 59 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dita resolución é directamente executiva.

Con anterioridade á resolución do recurso especial, o 13 de abril de 2023 CLN INCORPORA SL presentou por rexistro electrónico deste concello, **escrito de renuncia** á adxudicación do lote nº 3 por non ostentar a condición de Centro Especial de Emprego de Iniciativa Social conforme o regulado na Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobada mediante Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción e solicita que se anule a adxudicación e se proceda á exclusión da súa oferta.

De conformidade co que antecede, por Resolución de alcaldía 2023-0908 de 21 de abril, trasladouse o expediente á Mesa de contratación para que celebrase sesión/s co obxecto de que avalíe a posibilidade de realizar nova proposta de adxudicación e aceptar a renuncia presentada por CLN INCORPORA SL á adxudicación do LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP "MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA"; así como todas as demais actuacións que sexan necesarias.

**O secretario municipal indica que tal como establece a cláusula 1ª do PCAP, o Lote nº 3, resérvase a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción laboral, ao obxecto de promover o emprego de persoas con discapacidade; ou a integración sociolaboral de persoas en risco de exclusión social.** Os Centros Especiais de Emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, están reguladas, respectivamente, no texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobada mediante Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, e na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción. Deben cumprir cos requisitos establecidos en dita normativa para ter esta consideración.

Sinala ademais que, aínda que a empresa CLN INCORPORA SL renunciase á adxudicación, **procede retrotraer o procedemento** porque non podía ser admitida á licitación do lote nº 3, ao non ostentar a condición esixida no prego de ser un Centro Especial de Emprego de Iniciativa Social.

En base ao anterior, a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros, propón a alcaldía:

**Primeiro:** Deixar sen efecto a Resolución de alcaldía Nº 2023- 0687 de data 23 de marzo de 2023 exclusivamente no referente á adxudicación do contrato "LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP "MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA" á entidade CLN INCORPORA SL.



**Segunda:** Excluir do procedemento de licitación “LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP “MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA” á entidade CLN INCORPORA S.L.

**Terceiro:** Retrotraer o procedemento de licitación do “LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP “MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA” e declarar como admitidas ás seguintes empresas:

- ACEESCA EMPREGO S.L
- LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRALES DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L
- NORINTEGRA S.L
- OSGA S.L.
- COMBINA SOCIAL S.L.

Coas ofertas presentadas polas empresas admitidas á licitación, incorre en temeridade a oferta de LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRALES DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL S.L. Porén, de conformidade coa regra de conservación de actos e trámites que obren no expediente e que se manteñan igual a pesar de retrotraer o procedemento, como acontece neste caso, considérase xustificada a oferta presentada, tal como consta no informe de secretaría emitido o 15 de febreiro de 2023 e que a mesa de contratación aceptou en sesión de 17 de febreiro de 2023.

Por todo o anterior, as puntuacións acadadas polas empresas son as seguintes:

LICITADORES	OFERTA SEN IVE	PTOS	HORAS EXTRA	PTOS	PREZO HORA EXTA	PTOS	TOTAL PUNTUACIÓN
LIMPIADORES .ESPECIALISTAS INTEG. SERV Y MANTE INTEGRAL S.L.	41.490	40	100	30	6	13,75	83,75
ACEESCA EMPREGO S.L	45.850	36,20	100	30	5,5	15	81,2
COMBINA SOCIAL S.L	49.497,6	33,53	100	30	8,35	9,88	73,41
OSGA S.L.	50.300,55	32,99	100	30	8,93	9,24	72,23
NORINTEGRA S.L	53.406,94	31,07	100	30	10,16	8,12	69,19

Á vista das puntuacións, propónse a adxudicación do “LOTE 3: TRABALLOS DE LIMPEZA DO CEIP “MESTRE RAMIRO SABELL MOSQUERA” á empresa **LIMPIADORES ESPECIALISTAS INTEGRADOS DE SERVICIO Y MANTENIMIENTO INTEGRAL SL**, conforme á súa oferta (Importe: 41.490,00 euros, sen IVE; 100 horas extraordinarias, sen custo para o



Concello, de limpeza para o desenvolvemento e atención da tarefas extraordinarias ou especiais e 6 euros prezo/hora para servizos extraordinarios).

En relación coa acreditación da súa solvencia económica e técnica compróbase por parte da mesa a súa solvencia á vista da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público constando a seguinte clasificación vixente (en relación co establecido na cláusula 8.2 do Prego de Cláusulas Administrativa Particulares rexedoras do proceso de licitación):

Clasificación:

Grupo U- servizos xerais.

Subgrupo 1- servizos de limpeza en xeral

Categoría- 3

En relación á garantía definitiva, consta no cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativa Particulares que *“De conformidade coa Disposición Adicional 4ª apdo. 3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a empresa proposta coma adxudicataria do lote nº 3 non terá que constituír garantía definitiva”*

E cando son as 14:23 horas, dáse rematado este acto do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.

